# MEMORIA XUSTIFICATIVA

## AMPLIACIÓN IES MARÍA SARMIENTO (VIVEIRO). Xustificación da necesidade.

## I.1 Os datos de matrícula no IES.

No IES actualmente impártense o ensino secundario obrigatorio (ESO), dúas modalidades de bacharelato (ciencias e tecnoloxía e humanidades e ciencias sociais). Ademais, a oferta formativa complétase coas ensinanzas de formación profesional, que permiten aos alumnos continuar a súa formación no mesmo centro, unha vez rematada a ESO nos ciclos de grao medio, rematado o bacharelato nos ciclos de grao superior, e para aqueles alumnos que presentan dificultades para acadar os obxectivos e a correspondente titulación da ESO, a nova Formación Profesional Básica lles permite iniciarse na aprendizaxe dun oficio e acadar unha formación cara a súa inserción no mercado laboral, evitando o abandono escolar temperá. Así, entre os obxectivos da Formación Profesional Básica están ampliar a formación dos alumnos co obxecto de permitir a súa incorporación á vida laboral activa, proseguir estudos de formación profesional específica de grao medio ou lograr o título de Graduado en Educación Secundaria, presentándose as probas de avaliación final da ESO.

Ensinanzas de Formación Profesional que se imparten actualmente no IES:

**Grao Medio:**

Instalacións eléctricas e automáticas

Soldadura e caldeiraría

Carrozaría

Electromecánica de vehículos automóbiles

**Grao Superior:**

Administración e finanzas

Sistemas electrotécnicos e automatizados

**Formación Profesional Básica:**

Mantemento de vehículos

Servizos administrativos

Tendo en conta estes datos estúdase a evolución da matricula no centro escolar dende o curso 2009-2010, é dicir, nun período de 6 anos, que é o período medio de permanencia dos alumnos no centro escolar.

Segundos os datos achegados polo departamento de estatística da AMTEGA, en base a información facilitada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a matrícula no centro escolar, pasa de 681 alumnos no curso 2011-2012 a 797 no curso 2014-2015.

Data: 11/12/2015

**Nº de alumnos matriculados en ensinanzas de réxime xeral. Cursos 2009/2010, 2010/2011, 2011/2012, 2012/2013, 2013/2014. Curso 2014/2015.**

| Nome Centro | Réxime | Ensinanza | Curso | Curso 2009/2010 | Curso 2010/2011 | Curso 2011/2012 | Curso 2012/2013 | Curso 2013/2014 | Curso 2014/2015 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| IES María Sarmiento | Réxime de adultos | Bacharelato | 1º Bacharelato | 13 | 28 | 28 | 17 | 25 | 27 |
| | | | 2º Bacharelato | 28 | 28 | 31 | 33 | 23 | 29 |
| | | Ciclos formativos | Xestión administrativa | | | 23 | 35 | 28 | 27 |
| | | | Xestión administrativa (Plan Vello) | 31 | 39 | 14 | | | |
| | | Educación secundaria | ESO Módulo 1 | 6 | 24 | 20 | 15 | 20 | 25 |
| | | | ESO Módulo 3 | 37 | 34 | 33 | 38 | 39 | 38 |
| | Réxime xeral-ordinario | Bacharelato | 1º Bacharelato | 46 | 73 | 46 | 45 | 41 | 51 |
| | | | 2º Bacharelato | 77 | 41 | 70 | 63 | 49 | 44 |
| | | Ciclos formativos | 1º Administración e finanzas | | | | 24 | 19 | 17 |
| | | | 1º Carrozaría | 9 | 9 | 15 | 11 | 15 | 11 |
| | | | 1º Electromecánica de vehículos automóbiles | | | 21 | 17 | 21 | 20 |
| | | | 1º Instalacións eléctricas e automáticas | 13 | 16 | 12 | 11 | 14 | 12 |
| | | | 1º Mantemento de vehículos | | | | | | 7 |
| | | | 1º Servizos administrativos | | | | | | 10 |
| | | | 1º Sistemas electrotécnicos e automatizados | | | 16 | 17 | 20 | 16 |
| | | | 1º Soldadura e caldeiraría | 20 | 18 | 20 | 19 | 21 | 22 |
| | | | 1º Xestión administrativa | | | 14 | 12 | 13 | 8 |
| | | | 2º Administración e finanzas | | | | | 16 | 21 |
| | | | 2º Carrozaría | | 10 | 5 | 11 | 7 | 11 |
| | | | 2º Electromecánica de vehículos automóbiles | | | | 15 | 20 | 17 |
| | | | 2º Instalacións eléctricas e automáticas | | 8 | 8 | 6 | 12 | 15 |
| | | | 2º Mantemento de vehículos | | | | | | |
| | | | 2º Servizos administrativos | | | | | | |
| | | | 2º Sistemas electrotécnicos e automatizados | | | | 8 | 13 | 22 |
| | | | 2º Soldadura e caldeiraría | | 13 | 15 | 20 | 26 | 18 |
| | | | 2º Xestión administrativa | | | | 11 | 14 | 10 |
| | | | Administración e finanzas (Plan Vello) | 24 | 25 | 32 | 12 | | |
| | | | Carrozaría (Plan Vello) | 8 | | | | | |
| | | | Desenvolvemento e aplicación de proxectos | 8 | | | | | |
| | | | Electromecánica de vehículos (Plan Vello) | 36 | 30 | 14 | | | |
| | | | Equipos e instalacións electrotécnicas (Plan v | 6 | | | | | |
| | | | Instalacións electrotécnicas (Plan Vello) | 22 | 19 | 4 | | | |
| | | | Soldadura e caldeiraría (Plan Vello) | 11 | | | | | |
| | | | Xestión administrativa (Plan Vello) | 21 | 18 | 4 | | | |
| | | Educación secundaria | 1º Ensinanza secundaria obrigatoria | 71 | 73 | 87 | 92 | 69 | 82 |
| | | | 2º Ensinanza secundaria obrigatoria | 73 | 82 | 79 | 82 | 83 | 74 |
| | | | 3º Ensinanza secundaria obrigatoria | 53 | 65 | 70 | 70 | 68 | 71 |
| | | | 4º Ensinanza secundaria obrigatoria | 56 | 54 | 60 | 62 | 70 | 72 |
| | | Programas de cualifica | 1º Mantemento de vehículos | | | 13 | 15 | 17 | 2 |
| | | | 2º Común | | | 9 | | 14 | 18 |
| | | | Mantemento de vehículos | 12 | 11 | | | | |
| | | | | **681** | **718** | **763** | **761** | **777** | **797** |

## I.2. Xustificación da necesidade.

Segundo informe motivado do servizo de inspección provincial, a ampliación que se proxecta é necesaria pola implantación no centro das ensinanzas correspondentes aos ciclos formativos de grao básico. Estas ensinanzas supoñen catro grupos máis no centro, o que xustifica as catro aulas que se proxectan, xa que os distintos edificios que compoñen o centro na actualidade non son suficientes.

## I.3. Descrición da actuación.

Segundo proxecto técnico, a actuación consiste na construción dun volume anexo con catro novas aulas de entre 44 m² e 52 m², con dous aseos por planta, nunha superficie útil de 330,35 m², cunha superficie construída de 400,00 m², incluíndo circulacións e espesores de construción.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2016